



Concello de Castoerverde

DON RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE CASTOERVERDE (LUGO).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de xullo de 2023, á que asistiron os catro concelleiros que legalmente o compoñen adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

12º.- Proposta aprobación dos gasto da subvención directa e nominativa a favor da Asociación Santiaguíño para a realización das festas patronais do Concello de Castoerverde 2023. Expte nº 38/2023.

Vistas as bases de execución do Orzamento Xeral para o ano 2023 contemplan unha subvención directa e nominativa a favor da ASOCIACIÓN O SANTIAGUIÑO por importe de 10.000 euros para a realización das festas patronais do Concello de Castoerverde

A subvención concederáse por importe de 10.000 euros para a asociación “ O Santiaguíño”, con cargo á aplicación orzamentaria 338.48.

Vista a solicitude de xustificación e a documentación presentada en datas 17.07.2023, polo representante da asociación:

- a) Anexo IV: Solicitude de xustificación da subvención.**
- b) Anexo V: Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos.**
- c) Anexo VI: Declaración responsable de solicitar ou recibir subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.**
- d) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán figurar desagregados os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como a base impoñible, o tipo de IVE aplicado e a cota de IVE correspondente. **O IVE tamén será subvencionable.****
- e) Certificado de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais (Certificado emitido pola A.E.A.T) .**
- f) Certificado de estar ó corrente fronte á Seguridade Social (Certificado emitido pola Seguridade Social) .**
- g) Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da comunidade autónoma**





Concello de Castrolverde

galega (Certificado emitido pola Consellería de Facenda).

- h) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante e na que solicita se lle ingrese a subvención.**
- i) Documentos acreditativos (carteis publicitarios, fotografías, etc...) no que se vexa reflexado en cada actividade subvencionada o logotipo do Concello de Castrolverde.**
- j) Calquera outro documento de interese para aportar como xustificación da/s actividade/s.**

Visto o informe de fiscalización de intervención de data 17.07.2023.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; no Texto refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e nas bases de execución do orzamento municipal e demais normativa de aplicación.

Tendo en conta as atribucións de alcaldía do artigo 21.1. da Lei de Bases de Réxime Local, e as competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente na Xunta de Goberno Local por Resolución de alcaldía de data de 6 de xullo 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o pagamento da seguinte subvención nominativa a Asociación O Santiaguíño do Concello de Castrolverde:

10.000 euros para a realización das festas patronais do Concello de Castrolverde, con cargo á aplicación orzamentaria 338.48.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 10.000 euros a favor de:

k) Asociación “ O Santiaguíño” con CIF G27511500

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Para que así conste e produza os efectos oportunos, sen prexuízo do disposto no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, estendo a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Castrolande

